

A mellora dos servizos públicos, a concentración parcelaria e o impulso das asociacións veciñais; principais obxectivos de Lino Rodríguez para os próximos catro anos

Arroupado por Santín e Lara Méndez, o alcaldable presentou a candidatura coa que agarda seguir gobernando neste municipio a partir do 24 de maio. Trátase dunha lista continuista pero que inclúe novas incorporacións nos postos quinto e sexto “para dar o valor engadido que precisa este concello e seguirmos sendo un referente na Terra Chá”, subliñou

Hai oito anos que os cidadáns depositaron en Rodríguez a súa confianza para liderar este municipio, tempo no que, segundo indicou o secretario Provincial, o candidato “pode amosar como aval o traballo e as obras feitas” e é “o paradigma claro do que supón ser o alcalde de todos e para todos”

“Alí onde gobernamos, os socialistas somos a principal barreira fronte aos brutais recortes sociais da dereita. Demostrouno Lino en Pol e demostrámolo na Deputación, onde incrementamos a niveis históricos os investimentos para crear emprego e para garantir a prestación de servizos sociais básicos”, asegurou a vicepresidenta

POL, 4 DE MAIO DE 2015.- O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- e a vicepresidenta segunda da Deputación –Lara Méndez- arrouparon este luns ao candidato do Partido Socialista en Pol –Lino Rodríguez Ónega- na presentación da candidatura coa que agarda seguir gobernando neste municipio a partir do 24 de maio. Neste senso, González Santín e Lara Méndez trasladaron tanto o apoio persoal como o do Partido ao alcaldable, quen publicamente se comprometeu “a seguir traballando para mellorar os servizos públicos; potenciar o principal sector que sustenta a economía local, o agrogandeiro, a través do impulso da concentración parcelaria; e axudar ás asociacións, facéndoas partícipes da xestión municipal, co fin de dar unha resposta eficaz e axeitadas ás súas demandas”.

Hai oito anos que os cidadáns depositaron en Rodríguez a súa confianza para liderar este municipio chairego; “algo do que me sinto tremendamente orgulloso”, afirmou o candidato. Por iso, asegurou que “neste tempo traballei para deixar atrás a resignación e a discriminación, poñendo a Pol no sitio que lle pertence”. E é que durante estes dous mandatos, o alcaldable, segundo indicou Santín, “pode amosar como aval o traballo e as obras feitas”. É o caso do acondicionamento da rede viaria, do mantemento dos servizos sociais, de distintas iniciativas para o fomento do emprego ou a mellora tanto de traídas de auga, como de alumeados públicos e de accesos a parroquias e a explotacións de gando.

Trátase, en definitiva, apuntou o secretario Provincial, “dun extenso traballo, que demostra que os socialistas gobernamos para as persoas, que temos o despacho na rúa e que en cada proposta e idea temos un feito”; todo o contrario, indicou, doutros Partidos, “cuxa vara de medir é ben diferente, pois mentres a uns lles dan unha amnistía fiscal para xustificar o diñeiro que teñen no estranxeiro, a outros dannos unha reforma laboral para abaratar o despido e unha Sanidade e Educación peores”. Por este motivo, o dirixente socialista sinalou que Lino Rodríguez é “o paradigma claro do que supón ser o alcalde de todos e para todos”. “Os veciños necesítante e non me cabe a menor dúbida que saberán recoñecer que a mellora da súa calidade

de vida só pode vir da túa man. Así o demostraches, e así o vas a seguir facendo nos próximos catros anos”, insistiu Santfín.

Na mesma liña, a vicepresidenta segunda da Deputación -Lara Méndez- destacou a valía e compromiso do candidato para seguir á fronte do concello de Pol. “Os veciños sábeno, saben que poden contar con el e co PSdeG para traballar para todos os polenses, atender as súas demandas e preocupacións, e seguir facendo desta localidade un territorio dinámico e atractivo”.

“Alí onde gobernamos, os socialistas somos a principal barreira fronte aos brutais recortes sociais da dereita. Demostrouno Lino Rodríguez en Pol e demostrámolo na Deputación, onde incrementamos a niveis históricos os investimentos para crear emprego e para garantir a prestación de servizos sociais básicos, como a Axuda no Fogar ou a teleasistencia, que os Gobernos do PP na Xunta e o Estado deixaron de financiar dun día para outro”, asegurou a vicepresidenta.

Lista representativa

Os socialistas polenses queren seguir gobernando para a cidadanía, atendendo ás súas demandas. Con este fin, presentaron unha candidatura, que é unha representación da sociedade local, con perfís que inclúen diversos sectores profesionais e diferentes rangos de idade. É unha lista continuísta, pero que inclúe novas incorporacións nos postos quinto e sexto “para dar o valor engadido que precisa este concello e seguirmos sendo un referente na Terra Chá”, subliñou Rodríguez.

A lista completa é a seguinte:

- 1.- Lino Rodríguez Ónega
- 2.- José Luis Ramudo Andión
- 3.- Ana Belén Seco Morado
- 4.- Marina Ramudo Graña
- 5.- Sonia Cervantes Rivas
- 6.- César Valiña Irimia
- 7.- Carmen Paz Rodríguez
- 8.- Laura Otero Ferreiros
- 9.- Luis Javier Fernández Ramos

Suplentes:

- 1.- Alejandro Tellado paz
- 2.- Avelino López Pardo